

**C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA****Aclaracións reclasificacións: aplicación de medidas extraordinarias e singulares de adecuación dos postos de persoal funcionario na AEAT**

Como xa sabedes, na AEAT estamos nun proceso para a adopción das medidas extraordinarias e singulares de adecuación dos postos de persoal funcionario na AEAT, medidas que debían ser ratificadas polo 75% do persoal da AEAT **antes do 15 de setembro**. A aplicación destas medidas suporá unha serie de reclasificacións debido a necesidades organizativas da propia Axencia. Moitos de vós estadesnos a preguntar nestes días o que supón a reclasificación, e as subas que ides ter. Por ese motivo tratamos de explicar nesta nota unha serie de cuestións básicas pero á vez importantes para coñecer a nosa situación administrativa e o que nos pode supoñer a reclasificación.

¿En qué tramo estou?

Para saber en qué tramo estás só tes que ver a denominación do teu posto, se eres “subgestor 4” estás no Tramo 4, no caso de que o teu posto sexa “Agente Hacienda Pública 1” estás no tramo 1. Toda esta información está na nosa Intranet, na oficina virtual.

¿Qué tempo preciso para subir de tramo?

O tempo que necesitas ter en cada tramo para ter unha reclasificación é o seguinte:

Paso do tramo 0 ao 1: precisas unha permanencia de 1 ano ou máis

Paso do tramo 1 ao 2: precisas unha permanencia de 4 anos ou máis

Paso do tramo 2 ao 3: precisas unha permanencia de 5 anos ou máis

Paso do tramo 3 ao 4: precisas unha permanencia de 5 anos ou máis

Paso do tramo 4 ao 5: precisas unha permanencia de 5 anos ou máis

Paso do tramo 5 ao 6: precisas unha permanencia de 4 anos ou mais

¿Cómo podo saber cando foi a última reclasificación que tiveren no posto que estou ocupando?

As reclasificacións do Acordo de carreira administrativa do 2007 establecían unhas datas concretas. Lembra que, cando se asinou o acordo, que foi o 14/11/2007, algúns tiveron unha suba dos complementos específicos con data de efectos do 1 de setembro dese ano e despois, segundo o subgrupo, as reclasificacións realizáronse durante o período transitorio, nos anos de 2008 a 2010, nunhas datas concretas: para os C2 fíciábase o 1 de xaneiro, para os C1 foron o 1 de marzo e para os A2 o 1 de setembro. Todo elo tendo en conta os criterios que se marcaron nese acordo, segundo a antigüidade que se tivera e para aqueles que xa estaban na AEAT nese momento.

O único que tes que facer é comprobar na nómina cando che subiron, e se aínda así non tes claro cando foi a túa última reclasificación podes consultalo entrando na túa oficina virtual. Esa data é a que determina o tempo que levas no tramo que actualmente ocupas e será a que teñas que ter en conta para ver a reclasificación que che toca agora. Todo iso, obviamente, se non hai situacións especiais polas que haxa que facer un estudo máis personalizado (postos obtidos en concurso, comisións de servizo, promoción, etc, etc.)

¿ En qué datas vanse facer as reclasificacións?

As datas determinantes serán tres: o 1 de setembro de 2018, o 1 de marzo de 2019 e o 1 de setembro de 2019.

Para optar as reclasificacións cóntase o tempo de permanencia no tramo ata esas datas. Por exemplo, se estás no tramo 4 desde o 1 de setembro do 2010, o 1 de setembro de 2018 xa levas 8 anos, polo que xa xeneraches a suba dun tramo (polo que pasarías ao tramo 5) e che sobran 3 anos para outra posible suba. Como para subir ao tramo 6 precisas 4 anos, terás que esperar ata o 1 de setembro de 2019 para esa reclasificación. O importante é que o tempo de exceso non se perde, e servirá para optar as sucesivas reclasificacións que haxa o 1 de marzo de 2019 ou o 1 de setembro de 2019.

¿E se non subo ningún tramo, un só, ou dous, teño algunha outra posibilidade dunha terceira reclasificación?

Pois sí, pois o acordo establece un axuste adicional en función da antigüidade que teñas. Certo é que polo acordo anterior houbo algúns compañeiros que por pouquiño tempo quedaron fóra da suba ao tramo seguinte, moitas veces por ter promocionado ou participado en concursos; de aí que este axuste adicional trata de paliar esas situacións. Polo apartado 4 deste acordo pódese optar, o 1 de setembro de 2019, a unha suba dun tramo adicional en función da antigüidade:

- Antigüidade igual ou superior a 1 ano e inferior a 5 anos, adecúase o posto como máximo ao tramo 1
- Antigüidade igual ou superior a 5 ano e inferior a 10 anos, adecúase o posto como máximo ao tramo 2
- Antigüidade igual ou superior a 10 anos e inferior a 15 anos, adecúase o posto como máximo ao tramo 3
- Antigüidade igual ou superior a 15 ano e inferior a 20 anos, adecúase o posto como máximo ao tramo 4
- Antigüidade igual ou superior a 20 ano e inferior a 24 anos, adecúase o posto como máximo ao tramo 5
- Antigüidade igual ou superior a 24 anos, adecúase o posto como máximo ao tramo 6

Coma xa pasou co acordo do 2007 hai mil situacións distintas, moitos casos particulares que deben ser analizados con detalle e tamén situacións que deben solucionarse.

Estamos a recopilar moitas cuestións relativas á aplicación do acordo que pensamos deben interpretarse do xeito máis favorable co fin de que ninguén se vexa prexudicado: situacións dos funcionarios que promocionaron, que perderon tramos de carreira nos paneles ou que, por participar no panel seguen en comisión de servizos, os que teñen servizos prestados nun subgrupo superior, etc. etc.

Se tedes cuestións que queirades levar á Mesa de Seguimento, contactade con nós.